



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Taller de contratación pública. Role play xurídico-práctico

CONVOCATORIA: Taller de contratación pública. Role play xurídico-práctico

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 18/11/2021 - 08:00h ao 22/11/2021 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, a autoxestión da aprendizaxe e a identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, co desenvolvemento desta actividade, perséguese os seguintes obxectivos:

- Comprender e coñecer todas as fases do procedemento de contratación.
- Ser capaz de redactar os documentos que compoñen o expediente de contratación.
- Alertar sobre as dificultades e principais incidencias da contratación pública.
- Determinar as exixencias de solvencia de forma adecuada.
- Diferenciar os tipos de criterios de adxudicación, coñecer os riscos e posibilidades de elección.
- Ser capaz de redactar un prego de condicións e coñecer as posibles vulnerabilidades e os defectos frecuentes.
- Comprender a dificultade de redactar un modificado previsto.
- Comprender como redactar condicións especiais de execución e, en relación con iso, coñecer as exixencias do Real decreto lei 14/2019, do 31 de outubro.
- Aprender cal é o contido mínimo dun documento de contrato.

DESTINATARIOS

O taller está dirixido ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes públicos instrumentais e das universidades do Sistema universitario de Galicia que presten servizo en unidades de contratación e que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

- a) Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- b) Grupos I e II do persoal laboral.

PROGRAMA

Trataranse, dunha forma práctica, consistente na realización de distintas tarefas que se propoñerán ao longo da actividade, e no uso de técnicas de dinámica de grupo como o role play (simulación ou xogo de roles), os seguintes temas:

- I. A configuración do obxecto do contrato.
- II. A elección do procedemento de adxudicación. Breve guía de procedementos. Especialidades.
- III. A redacción de criterios de solvencia.
- IV. Os criterios de adxudicación de contratos.
- V. A redacción de modificados previstos.
- VI. A redacción de condicións de execución.
- VII. A redacción de penalidades.
- VIII. A redacción de actas.
- IX. A redacción do documento contractual.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e requisitos de selección establecidos na bases terceira e oitava respectivamente da convocatoria.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 29/11/2021 a 29/11/2021

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

FRANCISCO JAVIER VAZQUEZ MATILLA SLU

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 29 de novembro de 09:00 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA